Comunícate en público

Curso de comunicación para o Club de Debate

Curso de comunicación para o Club de Debate promovido polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra

O Club de Debate persegue impulsar o uso oral do galego entre a mocidade para pór en valor a nosa lingua como ferramenta indispensable para defender as nosas ideas. Tamén ten como obxectivo central a sensibilización e motivación do alumnado en relación co adestramento das súas habilidades comunicativas de cara ao debate público.

Para contribuír á mellora na posta en práctica das habilidades comunicativas e de transmisión do coñecemento do alumnado nace este Curso de comunicación oral, *Comunícate en público*. Unha actividade que pretende activar, motivar e ofrecer recursos para o adestramento das habilidades relacionadas coas intervencións públicas orais en lingua galega.

Contidos teórico prácticos para traballar no Curso de Comunicación

1.Presentación do fenómeno da comunicación.

- A comunicación como proceso grupal e social.

- Non comunicamos individualmente. Hai moito traballo detrás.

2.Voz: Ton, intensidade, ritmo.

- O traballo da nosa propia voz: naturalidade e autoescoita.

3.Ordenación do discurso.

- A organización do coñecemento previamente adquirido.

- As claves do discurso.

4.Escoita.

- Para quen falamos?

- Que nos condiciona?

5.Comunicación non verbal.

-A mirada e os xestos.

-A sintonía entre xestualidade e discurso.

6.Linguaxe: clara, ordenada, sinxela.

-Os recursos que nos ofrece o dominio das linguas..

7.Comunicación grupal. A complexidade da comunicación en grupo: debates, reunións e grupos de traballo.

8. A comunicación como reto e autoaprendizaxe. A motivación constante.